

## AS RADIOS LOCAIS EN GALICIA: 2004

Marcos S. Pérez Pena, Pedro Carrasco Solla, Xosé López García  
Arquivo de Comunicación, Consello da Cultura Galega

### 1 INTRODUCCIÓN: A RADIO, MEDIO LOCAL

Paradoxalmente, os procesos de mundialización, de desaparición de fronteiras, de progresiva intercomunicación e de creación de comunidades virtuais supoñen tamén unha revitalización dos espazos locais e dos *media* que actúan nesta dimensión. Ademais, téndese a un perfeccionamento e a unha especialización da comunicación en todos os eidos, e o local non fica á marxe. Xosé López afirma, referíndose en concreto ás radios, que «a especialización en contidos adaptados ao ámbito local e as novas vías que abre a tecnoloxía favorecen as expectativas das emisoras locais na era da dixitalización» (López, 2004:79).

Ao falármonos de local, referímonos a un espazo físico, mais non só a iso. Xosé Ramón Barreiro (en López, 2004:127) afirma que «o local non se define por ser un espazo acoutado administrativamente, senón por unha estrutura social, por unha comunidade que se adscribe vitalmente a un espazo, é dicir, que ten conciencia desa integración.» O concepto de proximidade remite a unha relación consciente de afinidade, de unión entre un grupo de persoas, unha comunidade unida por preocupacións e obxectivos comúns. O oínte está no centro dun certo número de estímulos que o fan reaccionar e que Jean Kouchner agrupa en catro grandes factores: temporais, xeográficos, afectivos e socioprofesionais (Kouchner, 1994:51-52). Pola súa banda, Miquel de Moragas prefire empregar o termo de «medios de proximidade» para designar de maneira global todas as emisións «a pequena ou a mediana escala». O concepto de proximidade xoga coa idea de que entre o medio e os seus receptores «existe un escenario de experiencias compartidas» (en Bonet, 2001:33).

O contacto directo dos medios locais co seu contorno así como unha vocación de servizo á comunidade convértese na primeira razón da súa existencia. Para Jesús Timoteo Álvarez, «o concepto de radio local leva consigo unha atención ás necesidades da

sociedade e a un nivel de participación ata acadar unha comunicación horizontal» (en Chaparro, 1998:20). Os medios de proximidade rompen, para Manuel Chaparro, «o estado de pasividade en que mantén aos receptores o illamento producido por un coñecemento do mundo exterior sobre o que carecen de influencia». Neste senso, o informe McBride recomendaba a creación e o fomento de medios de comunicación locais pois «a comunicación convértese nun elemento indispensable do labor de desenvolvemento e da vida social de cada localidade (...) Unha participación máis activa nas decisións e nas actividades de desenvolvemento forma parte integrante da vida democrática» (VV.AA., 1988:158).

O local é unha constante no xornalismo: o próximo, o que sucede na mesma porta da casa. Mais por veces a actualidade máis próxima, malia ocupar un considerable espazo no temario dos medios, é tratada cos mesmos criterios que o resto das noticias publicadas. A gran diferenza entre os medios locais e os de cobertura máis ampla é que mentres os primeiros están presentes nunha localidade antes, durante e despois dun grande acontecemento (viven alí), os outros chegan cos desastres e marchan con eles. En consecuencia, o tratamento continuado dos xornais locais permite coñecer e investigar os antecedentes e as consecuencias dun feito. Ademais, os medios da comunidade teñen que ter en conta que, dado o carácter reducido e próximo da súa audiencia, deben tratar os temas de xeito distinto a como os tratarían os medios nacionais. Non poden relatar «acontecementos inanimados», non poden tratar sobre «fontes obxectuais», senón que tratan de «persoas». Do mesmo xeito, non se fala de «mercado» ou de «principal zona de cobertura», senón «da nosa localidade».

Patricia Iglesias e Arturo Merayo opinan que «as propias condicións comunicativas da radio fan dela un medio eminentemente local» que pode «emprestar atención ás persoas do entorno cotián dos seus oíntes e desta maneira funcionar como unha auténtica canle de transmisión na comunidade» (Iglesias / Merayo, 1997:21). De feito, as limitacións tecnolóxicas do soporte obrigan a que as emisoras cubran tan só unhas poucas dúcias de quilómetros (sobre todo en países con morfoloxía «complicada», como Galicia). Esta limitación ofrece, a cambio, unha posibilidade: a

constituición da radio como medio local, ao servizo da comunidade. De feito, as licenzas de emisión concédense para operar nun concello ou nunha comarca determinadas. Porén, isto non se cumpre e as emisoras convértense as máis das veces en simples repetidores da programación de grandes cadeas, cuxos micrófonos se atopan moitas veces a centos de quilómetros. A este respecto, para Emili Prado a radio constitúe un «minifundio de emisión e un latifundio de información» (en Bonet, 2001:21). As emisoras locais deben loitar cada día pola súa supervivencia, ante a presión constante das grandes cadeas e sumidas sempre na precariedade económica e de medios. A catalá Montse Bonet afirma que «as emisoras locais atópanse nun novo contexto comunicativo marcado pola hipercompetencia entre medios» e pola «voracidade dos grandes grupos de comunicación que necesitan dominar o segmento máis amplo posible de mercado» (Bonet, 2001:94).

Finalmente, o investigador Josep María Martí ten elaborada unha clasificación das emisoras de proximidade, que dividiu en catro grupos, segundo o carácter máis ou menos local e comprometido coa comunidade dos seus contidos: «radios repetido» (as que teñen pouca programación de produción propia e están asociadas a unha gran cadea), «radios complementarias» (as que pertencendo a unha cadea teñen bastante programación local), «radios fotocopia» (as que non pertencen a unha cadea, pero a súa programación local é un calco dos xéneros e contidos das emisoras xeneralistas) e «radios de desenvolvemento propio» (as que na súa programación local buscan novos camiños programáticos, comprometidos coa súa comunidade) (en Bonet, 2001:27).

## 2 A RADIO EN GALICIA: PANORAMA 2004

A radio que emite para Galicia amosa un panorama moi semellante ao de anos anteriores. En primeiro lugar, pódese afirmar que ten os micrófonos lonxe, pois máis da metade das emisoras activas (o 54%) non son de propiedade galega. En segundo lugar, prima a iniciativa privada e as emisoras con obxectivos comerciais (59% das frecuencias). A terceira constatación, produto da análise das dúas anteriores, é máis preocupante: só unha cuarta parte das emisoras de propiedade galega corresponde a ini-

ciativas privadas. Salvando as excepcións de Radio Voz, Radio Líder<sup>1</sup> e algunha outra emisora máis pequena, a radio de propiedade galega é institucional e de capital público (as frecuencias corresponden maioritariamente a emisoras municipais ou da Radio Galega). Polo tanto, a radio galega está dominada polas grandes cadeas de ámbito estatal, que reparten entre elas 80 das 171 frecuencias activas en Galicia, é dicir, unha de cada dúas. Unión Radio posúe 28 frecuencias, Onda Cero emite a través de 26 e Radio Popular-COPE a través de 22. Entre as tres monopolizan case a metade do dial. Ademais, ao longo do último trimestre de 2004 está prevista a progresiva implantación no noso país da nova cadea Punto Radio, propiedade do Grupo Vocento, que en outubro xa emitía a través de catro frecuencias que cubrían Lugo, A Coruña-Ferrol, Santiago-Lalín e Vigo-Pontevedra.

En Cataluña, para establecer unha comparación, existen 106 frecuencias de emisoras comerciais, 226 públicas institucionais (168 da Corporació Catalana de Ràdio i Televisió) e 291 municipais e libres-comunitarias. É dicir, o 70% das frecuencias legais son públicas. Isto xa supón unha notable diferenza coa realidade galega, dominada polas emisoras comerciais. Ademais, o 59% das radios existentes en Cataluña son de titularidade catalá, mentres que as de propiedade foránea representan só o 36% (en 1998<sup>2</sup> o panorama era moi distinto: só o 32% eran catalás). Polo tanto, a radio en Cataluña é pública e de propiedade catalá, todo o contrario do que sucede en Galicia. Isto ten unha consecuencia moi clara: unha maior preocupación polo uso do catalán. Tres de cada catro emisoras de FM en Cataluña emiten totalmente nesta lingua (o 45% das privadas e o 85% das públicas), sen contar as radios municipais e as radios libres, que empregan case exclusivamente o catalán (Bonet, 2001:26). A realidade en Galicia é ben distinta e só

1. Ademais, en outubro de 2004 formalizábase un acordo entre Radio Líder e Punto Radio en virtude do cal a cadea galega cedíalle á empresa do Grupo Vocento unha frecuencia na cidade da Coruña e outra en Vigo. Tamén Radio Voz chegou a un acordo cunha cadea de ámbito estatal en 2004. As emisoras do Grupo Voz emiten dende o verán parte da programación de SomosRadio.


2. Cómpre sinalar que nese ano a Generalitat licitou o concurso público de asignación de 39 novas frecuencias de FM.

as emisoras institucionais (municipais, Radio Galega e, dende outubro de 2004, RNE) usan o galego en todo o seu tempo de emisión. Nas radios comerciais, pola contra, a nosa lingua ten unha presenza limitada.


**Táboa n.º 1.** Frecuencias activas en Galicia, por obxectivos e propiedade

Comerciais	21	80	101
Institucionais	58	12	70
Total	79	92	171

**Figura n.º 1.** Frecuencias activas en Galicia, por obxectivos e propiedade



**Figura n.º 2.** Frecuencias activas en Galicia, por propiedade e obxectivos



A radio galega é maioritariamente xeralista, de xeito que case a metade das emisoras (45%) responden a esta tipoloxía. Unha de cada tres son emisoras especializadas, maioritariamente musicais (37 frecuencias en total<sup>3</sup>), aínda que tamén informativas<sup>4</sup> (6), deportivas<sup>5</sup> (2) ou económicas<sup>6</sup> (1). As emisoras cunha maior vocación de servizo á comunidade: municipais, comunitarias, universitarias e escolares, só representan o 27% de todas as frecuencias activas, cifra que corresponde maioritariamente ás radios municipais.

**Táboa n.º 2.** Frecuencias activas en Galicia, por temática

Tipoloxía	N.º
Xeralista	76
Musical	37
Municipal	32
Comunitaria	9
Escolar	6
Información	6
Deportiva	2
Relixiosa	2
Educativa	1


3. En setembro de 2004 operaban en Galicia 40 Principales, Cadena Dial, M80, Máxima FM, Europa FM, Cadena 100, Kiss FM, Onda Local, Radio Discolocate, Radio 3, Radio Clásica e Radio Galega Música.

4. Radio 5 Todo Noticias.

5. Radio Marca. Aínda que en outubro de 2004 comezou as súas emisións na Coruña e Vigo a radiofórmula deportivo-musical Rock & Gol.

6. En outubro de 2004 debían comezar as emisións de Radio Intereconomía na Coruña.


**Figura n.º 3.** Frecuencias activas en Galicia, por temática



**Táboa n.º 3.** Frecuencias activas en Galicia, por temática

Tipoloxía	N.º
Xeralista	76
Especializada	48
Municipal, escolar e comunitaria	47

**Figura n.º 4.** Frecuencias activas en Galicia, por temática



A radio en Galicia emite para as cidades, para un público urbano ou neo-urbano, buscando os grandes mercados. O 55% das frecuencias de FM localízanse nas sete grandes urbes do país, un dato ao que se lle pode sumar outro dez por cento correspondente ás emisoras situadas nas áreas metropolitanas destas mesmas cidades. Polo tanto, dúas de cada tres emisoras teñen a súa sede en


áreas urbanas. O terzo restante repártese entre emisoras que dan servizo a grandes comarcas rururbanas (22%) e outras localizadas en comarcas ou concellos rurais (14%). Neste último caso, a meirande parte das frecuencias corresponden a emisoras municipais, ante a ausencia doutro tipo de radios.

Nove de cada dez comarcas (o 88,68%) contan cunha frecuencia de FM activa, como mínimo. Algo menos, oito de cada dez (81,13%) dispoñen dunha emisora (non simplemente un repetidor). Con todo, un total de 19 comarcas teñen unha soa emisora no seu territorio e, como dixemos antes, as máis das veces municipal.

**Táboa n.º 4.** Frecuencias activas en Galicia, por área xeográfica

Localización	N.º
Urbana	93
Área metropolitana	17
Comarcal	37
Rural	24

**Figura n.º 5.** Frecuencias activas en Galicia, por área xeográfica





### 3 AS EMISORAS MUNICIPAIS: POUCAS, FEBLES E DESUNIDAS

En setembro do ano 2004 había 32 emisoras municipais activas no noso país, a razón de unha cada dez concellos, nas provincias da Coruña e Pontevedra as máis delas. Este dato, baixo en comparación con Cataluña ou Andalucía, reflicte tamén un certo estancamento se o poñemos en relación coas cifras de anos anteriores. En novembro de 1996 tamén funcionaban en Galicia 32 emisoras municipais e outros 16 concellos atopábanse xestionando a concesión dunha licenza para emitir (Iglesias / Merayo, 1997:44). Polo tanto, a radio municipal en Galicia non aumenta o seu número. Tan só nacen novas emisoras (Carral, Arbo, Foz, Redondela...), que substitúen a outras que van desaparecendo (Cervo, Noia, Catoira, Corcubión...). Por outra banda, na actualidade hai unha serie de concellos que están realizando os trámites necesarios para instalar a súa radio (Palas, Monforte, Poio, Laxe), mentres que outros están agardando pola concesión dunha frecuencia de emisión (Ames, Mos, Curtis, Santa Comba).

Estas radios municipais localízanse maioritariamente en concellos e comarcas rurais (21 emisoras), ás que lles proporcionan un servizo que non prestan outro tipo de emisoras. Nos últimos anos tamén comeza a ser importante a presenza de radios municipais nas áreas metropolitanas ao redor das grandes cidades (Fene, Carral, Arteixo, Culleredo, Sada, Oleiros, Redondela...).

Estas radios caracterízanse pola precariedade de medios e de financiamento e por ser na súa maioría emisoras monoposto, é dicir, nas que a programación e a produción son realizadas por unha soa persoa, con colaboracións dun certo número de veciños da localidade. Polo tanto, non debe estrañar que en moitos casos a produción propia non ocupe máis ca unhas poucas horas cada día e o resto da programación ocúpase cun continuo musical (na metade das emisoras) pero tamén mediante a conexión á emisión dunha cadea. Así, cinco das radios municipais emiten parte da programación de Radio Líder, catro conectan coa Radio Galega e as restantes fano con outras, como Radio Voz, Onda Cero, COPE, Efe ou Cadena Dial.

Ademais, a propia debilidade do sector e o escaso control e regulamentación da Administración autonómica permiten que en moitas ocasións se vulnere a lei e que un bo número de frecuencias concedidas a concellos para a súa explotación directa (cunha serie de esixencias: uso do galego, servizo á comunidade, programación cultural e divulgativa...) sexan utilizadas ilegalmente por emisoras comerciais. Radio Líder, nas súas emisoras Radio Salnés, Radio Arenteiro, Radio Morrazo, Radio Líder Deza e Radio Líder Noia, emprega as frecuencias concedidas legalmente aos concellos de Cambados, O Carballiño, Moaña<sup>7</sup>, Lalín e Noia.

Táboa n.º 5. Frecuencias activas en Galicia, por área xeográfica

	1996		2004	
	Concellos con emisoras	Concellos tramitando concesión	Concellos con emisoras	Concellos tramitando concesión
A Coruña	20	1	17 (-3)	4
Pontevedra	7	7	9 (+2)	4
Lugo	3	6	4 (+1)	3
Ourense	2	2	2 (=)	0
Galicia	32	16	32 (=)	11

Andalucía e Cataluña foron pioneiras na creación de emisoras municipais<sup>8</sup> e seguen a ser as zonas en que estas emisoras adquiren unha maior importancia. En Cataluña, por exemplo, funcionan na actualidade máis de 200 radios municipais. En Andalucía a cifra é algo inferior e fica en 153 (Chaparro, 1998: 175). En Galicia, a primeira e efémera emisión dunha emisora local

7. Esta frecuencia (91.1 FM) vai comezar a ser utilizada por Punto Radio para emitir a súa programación para Vigo e Pontevedra.

8. Aínda que a primeira experiencia tivo lugar na vila cordobesa de Pozoblanco, en 1974, o maior desenvolvemento, dende moi cedo, vivíuse en Cataluña. En 1979 creábase a emisora de Arenys de Mar e en 1981 funcionaban xa 36 radios municipais.

(Radio As Mariñas) tivo lugar o 25 de xullo de 1980, con motivo do Día Nacional de Galicia. A experiencia durou os oitenta minutos que tardou a Garda Civil en chegar ata a emisora cunha orde de peche. Catro anos máis tarde, Fene puxo en marcha a súa radio e, grazas a que desoíu as ordes de peche lanzadas dende o Goberno Civil, puido asentarse e abrir o camiño polo que despois outros concellos crearían a súa emisora. En 1988 nacía a Asociación de Emisoras Municipais de Galicia (EMUGA), que agrupaba as radios dos concellos de Fene, Negreira, Oleiros, Corcubión e Ribadavia. Con todo, malia a existencia de EMUGA, a realidade da radio municipal en Galicia é a desunión e a ausencia de sinerxías. De feito, a asociación só agrupa hoxe en día a catorce concellos, deles só dez con emisoras activas (das 32 existentes).

Unha radio municipal non é, non pode ser, unha emisora como outra calquera. Para José Luis Terrón, unha emisora municipal é unha radio «imbricada nunha localidade e que está ao servizo dos cidadáns, o que comporta descentralización, acceso, participación e non lucro» (Iglesias / Merayo, 1997:28). A este respecto, os Estatutos de EMUGA, no seu punto 1.4, definen os obxectivos das emisoras municipais: «(A emisora municipal) configúrase como un medio de comunicación *institucional* (nacido para propiciar novas canles de información entre administradores e administrados), *galego* (comprometido co proceso de normalización lingüística e cultural do noso país, e porque a lingua galega é o noso vehículo normal de comunicación) e *alternativo*, pois xorde para combater a tendencia á uniformización e á aculturación derivada da concentración da información» (Iglesias / Merayo, 1997:50). Neste mesmo senso, na primeira emisión de Radio As Mariñas xustificábase o nacemento da emisora en dous piares: a democracia e o autogoberno:

Democracia e comunicación son inseparábeis. Non poderá haber consolidación democrática sen medios de expresión ao servizo do pobo, sen xornais, radio e televisión que promovan a participación popular. Autogoberno e comunicación son tamén inseparábeis, ramas dunha mesma árbore. Unha auténtica autonomía de

Galicia non se pode sacar adiante sen medios de comunicación propios, escritos ou falados na nosa lingua e que difundan a conciencia nacional<sup>9</sup>.

Unha das maiores críticas que se lles fai a moitas das radios municipais é a suposta manipulación exercida polos gobernos locais sobre a liña informativa das emisoras. Para Manuel Chaparro, «o descoñecemento e o peso de comentarios maledicentes sobre o seu carácter público e doada manipulación polo poder local pesan máis na opinión xeral que o verdadeiro valor demostrado día a día como medios netamente alternativos e enriquecedores da vida democrática» (Chaparro, 1998:12). Do mesmo xeito, Henrique Sanfiz, director de Radio Fene, alerta do perigo que supón para as emisoras municipais converterse en altofalantes do partido que controle o goberno local. Con todo, Sanfiz atopa no carácter local destes medios un freo para as tentacións de manipulación:

A instrumentalización dun medio local é moi evidente pola proximidade dos destinatarios ao tema que é abordado; é perder credibilidade, audiencia e posibelmente acabe por pechar, ao comprobar o propio grupo de goberno a súa escasa efectividade. A propia apertura das emisoras municipais a colaboracións (...), a diversidade ideolóxica e incluso sociolóxica deses colaboradores fai máis difícil a manipulación (en Iglesias / Merayo, 1997:58).

En canto ao financiamento (escaso e irregular), o andaluz Manuel Chaparro afirma que

...neste nivel da comunicación pública o voluntarismo é consubstancial: son emisoras onde a participación cidadá cobra o seu maior significado [...] ningún destes factores: escasos ingresos e voluntarismo, implica peor calidade, pero a aparencia modesta destes medios, na maioría dos casos, fai que se infravaloren (Chaparro, 1998:11).

9. En Iglesias / Merayo, 1997:32.

Dende as corporacións locais reclámase que as institucións supramunicipais, nomeadamente os gobernos autonómicos, colaboren cos concellos, mediante sistemas de cofinanciamento. Neste senso, a Xunta de Galicia prevé a concesión de subvencións ás emisoras xestionadas polos concellos. Os criterios fixados, tanto para a concesión dunha frecuencia de FM a unha corporación local, como para o outorgamento de subvencións, fan fincapé no fomento dos valores e da identidade cultural e social de Galicia e, en especial, do emprego do galego na programación, así como na proporción de contidos de produción propia, programas informativos, culturais e educativos.

#### 4 AS RADIOS COMUNITARIAS: NA MARXE DA REGULAMENTACIÓN

Se ben o concepto de radio comunitaria foi utilizado con distintas acepcións dende instancias teóricas, a proposta deste texto é considerar radio comunitaria aquela que ten como máxima a de constituír un servizo á comunidade. Na teoría recente, é frecuente observar na mesma frase as nocións de radio comunitaria e de espazo local, mais só porque é no local onde son máis habituais as experiencias actuais de radio comunitaria. Isto non exclúe que a radio comunitaria poida emitir para un espazo heteroxéneo. De feito, o modelo ten algúns dos seus máis sobranceiros precedentes en casos non locais.

Dende os seus inicios, a radio comunitaria en Europa acada dúas formas posibles: a radio libre e mais a radio pirata. A distinción entre ambos os modelos, segundo establece Manuel Aguilera, obedece tan só ao seu réxime xurídico: son radios libres aquelas que emiten nos países que promulgaron unhas leis que permiten e regulamentan a súa existencia (é o caso de Italia ou da Francia posMitterrand), mentres que as radios piratas son aquelas que, malia que a súa existencia se considera ilegal, seguen operando e emitindo os seus programas (Aguilera, 1985:65-66). A aparición desta caste de radios nos anos sesenta e setenta constituíu unha aproximación do medio á sociedade e veu poñer de mani-

festos o descontento de certos sectores pola rixidez e anquilosamento dos monopolios radiofónicos do continente. Os primeiros intentos amosaban espíritos dispares, mais compartían a necesidade dun discurso renovado e contracultural: as emisoras inglesas nos anos 60 (Radio Caroline, Radio City) partían dunha perspectiva eminentemente comercial; as aparecidas en Francia e Italia a finais dos anos setenta, en troques, partían duns obxectivos e dun discurso máis políticos (como a ecoloxista Radio Vert en Francia ou as moi diversas emisoras libres italianas, lideradas por Radio Alice e a súa estratexia de «guerrilla informativa» e o seu estilo «mao-dadaísta»<sup>10</sup>).

As primeiras experiencias no estado español teñen que ser atrasadas ata a fin da ditadura: en 1979 bota a andar Ona Lliure, por iniciativa dun colectivo de profesores e de alumnos da Facultade de Ciencias da Información de Barcelona. De aí en diante, outras radios comunitarias xurdiron nos anos oitenta como froito do desencanto ante a política governamental de medios.

Cando as distintas forzas de esquerda chegaron a controlar o poder, en lugar de converter os medios de aparellos de distribución en aparellos de comunicación –como esixía Bertolt Brecht en 1932–, mantiveron ou afirmaron a situación de control (Dolç, Sanchis e Deò, 1985:15).

Dentro dese mesmo clima, a reunión da Coordinadora de Radios Libres en 1983 en Villaverde definiu os obxectivos e as normas de funcionamento deste tipo de emisoras: a) carácter non profesional; b) funcionamento autoxestionario; c) autonomía perante os grupos de presión; d) participativos e unificadores dos conceptos de emisor/receptor; e) en loita contra o monopolio e a centralización da información; e f) potenciadores dunha forma de vida alternativa á actual (Dolç, Sanchis e Deò, 1985:82-83). Así mesmo, os asinantes do manifesto demandaban, de cara á normalización do sector, a creación dun rexistro especial de frecuencias para as radios libres que habería de especificar a frecuencia empregada para a

10. Aguilera, 1985: 127.

emisión, a potencia e o raio que debía cubrir. A Coordinadora afirmaba que mentres esta situación non se normalizase, «as radios libres do estado español pensamos continuar emitindo, porque entendemos que temos dereito a nos expresar libremente». No mesmo senso, e seguramente resumindo todos os obxectivos anteriores, Ona Lliure definía como o «obxectivo prioritario e global» de toda radio libre o de «dar a palabra á xente» (Dolç, Sanchis e Deò, 1985:34). Pola súa banda, O Col·lectiu d'Informació i Debat de les ràdios lliures (CID) impulsaba dende Cataluña a expansión do movemento de radios alternativas canda o seu afondamento teórico e consideraba que «a radio é un medio que ofrece, polas súas características técnicas, máis posibilidades que outros para ser utilizado de forma paralela». O CID tamén criticou a «falta de análise e planificación» dalgúns colectivos de emisoras libres «que levou moitas veces a posicións espontaneístas (emitir por emitir) sen dotar dun contido as súas emisións».

Dado que a denominación de «emisora pirata» pode ter certas implicacións ideolóxicas que só se corresponden cuns poucos casos, consideramos máis pertinente falarmos de «radios comunitarias non legais» para referírmonos a aquelas estacións que emiten en Galicia á marxe da legalidade ou, doutro xeito, que non dispoñen dunha frecuencia de emisión adxudicada oficialmente. Dentro delas podemos distinguir os seguintes modelos: radio universitaria, radio de colectivos e radio escolar.

A característica común a estas emisoras é que todas elas, agás unha, están localizadas en áreas urbanas. Isto semella indicar que é na cidade, dominada por unha xustaposición exacerbada de canles comerciais correspondentes a grandes empresas de comunicación, onde se presume máis necesario fuxir do discurso estándar para crear novos espazos de comunicación alternativa e máis acordes coas necesidades e as características da comunidade en cuestión. Isto non quere dicir que estes espazos non sexan necesarios en áreas semiurbanas ou rurais, pero si é certo que o mapa de radios municipais vén a paliar un tanto as necesidades comunicativas comunitarias ou, cando menos, de servizo público dentro

destes contextos socioculturais, cousa que non ocorre nas cidades. A única excepción a este carácter urbano xeneralizado é Radio Corme ou Radio Roncudo, no concello de Ponteceso, que iniciou emisións no verán do 2004 baixo a iniciativa da Asociación de Veciños de Corme. Hai que ter en conta que na comarca de Bergantiños non hai radios municipais<sup>11</sup> e a única programación local provén das desconexións de Radio Voz e Cadena SER.

Moitas das estacións comunitarias non legais están asociadas ás universidades galegas ou, máis concretamente, son xestionadas por membros da comunidade universitaria ou por persoal que aínda garda relación con esta. Viven grazas ao voluntarismo de xente nova e con estudos. É o caso de Radio Kaos (Ferrol), Cuac FM (A Coruña), Radio Piratona (Vigo), Radio Clavi (Lugo) e Radio Kalimero (Santiago de Compostela), e foi o das desaparecidas Fistro FM (Vigo) e Radio Medellín (Santiago). Proximamente está previsto o inicio dunha emisora universitaria en Ourense con instalacións no Complexo Residencial As Burgas. Chamarase Radio Kampus Ourense (R.K.O.) e, en palabras dos seus coordinadores, pretende comezar a emitir por internet e non sairá ás ondas mentres non se lle adxudique unha frecuencia legal.

As emisoras Radio Benposta, en Ourense, e mais Radio Coia e Onda Nada, ambas as dúas en Vigo, pretenden dar voz ao barrio ou comunidade dos veciños que representan e para os cales emiten. Segundo Rubén Bouza, responsable de Onda Nada, a finalidade da emisora é «ser a voceira e servir a comunidade veciñal de Navia e, por extensión, de todos os colectivos veciñais, culturais, xuvenís e ecoloxistas de Vigo e arredores»<sup>12</sup>. Este modelo comunitario adquire un ton máis asembleario e reivindicativo no caso de Radio Piratona (Vigo) e Radio Filispim, de inminente nacemento en Ferrol. Filispim é iniciativa da Asociación Cultural para a Activación de Medios de Comunicación Alternativos (Colectivo

11. No momento de redacción deste texto xestionábase a posta en marcha de Radio Laxe.

12. Declaracións aos autores (xuño, 2004).



OPAí Ferrol), amparada por diversas entidades culturais, sociais e reivindicativas da comarca de Ferrolterra, entre as cales se atopa o Ateneo Ferrolán, sede social do colectivo.

Existe, á marxe destas emisoras máis propiamente comunitarias, o modelo da radio escolar, que pode equipararse ao de comunitaria educativa. En Galicia, este modelo distínguese por constituír unha iniciativa illada e de acceso e participación restrinxidos ao colexio, se ben cumpre un servizo de importante valor para o alumnado. Son sete as emisoras activas actualmente en centros educativos de ensino primario e secundario: Radio Carcamán (CEIP da Torre, Illa de Arousa), Radio Colexio (CEIP Mestre Ramiro Sabell Mosquera, Pontearreas), Radio Falamelide (IES de Melide), Onda Xove Radio Meixueiro (IES Ricardo Mella, Vigo), Polirradio (IES Politécnico, Vigo), Onda 6 Radio (Colexio Pablo VI, A Rúa) e Escuela Junior's Radio (Colexio Junior's, Santiago de Compostela)<sup>13</sup>.

As emisoras comunitarias non só fican a expensas dunha situación económica feble e inestable, senón que se ven na obriga de emitir por frecuencias «non ocupadas» polas emisoras legais. Estas frecuencias son susceptibles de seren ocupadas mediante novas concesións a empresas ou institucións; de seren apropiadas polas preexistentes para evitaren interferencias; ou de seren solapadas por un aumento na potencia de emisión doutras emisoras máis afastadas. Moitas radios non legais galegas suspenderon as súas emisións, temporal ou definitivamente, por non poderen ser escoitadas dende ningún receptor.

A radio comunitaria constitúe un modelo de extraordinarias potencialidades no ámbito local. En Galicia é moi necesario, dado que a comercialización e institucionalización mediáticas levan consigo unha aguda homoxeneización da oferta e establecen uns códigos programáticos idénticos tanto para o espazo xeral coma para o local. Dende unha perspectiva teórica, as experiencias de radio comunitaria local teñen que ser radicalmente heteroxéneas, polo que constitúen a forma oposta ao panorama actual gale-

13. Onda 6 Radio e Escuela Junior's Radio pertencen a centros privados.

go e, por iso, eríxense nun paradigma desexable. Así, a radio comunitaria local adquire as expresións máis diversas dependendo do lugar do mundo onde se desenvolva. Esa diversidade é un bo punto de partida para definir este modelo de proximidade, porque é unha das mellores maneiras de comprender a noción de comunidade: unha comunidade indíxena na Amazona, outra universitaria no leste dos Estados Unidos e mais outra veciñal nun barrio residencial sueco teñen ben pouco que ver entre si. Porén, as tres constitúen idóneos puntos de partida para a posta en marcha dunha radio comunitaria. O que queremos dicir é que a forma da concepción, de produción e de recepción dunha radio de comunidade<sup>14</sup> obedece a patróns específicos da comunidade á que pertence, polo que estas emisoras teñen que ser forzosamente distintas unhas das outras. En Galicia tamén a forma ideal de radio local é aquela que consiga facerse a si mesma atendendo en exclusiva aos códigos culturais, diversidade e, nos casos de maior proximidade, á estrutura socioeconómica e idiosincrasia dunha comunidade dada. Estes parámetros serán máis cognoscibles e controlables segundo máis reducida sexa esa comunidade.

En Galicia non existe a radio comunitaria legal; nin libre e contestataria, nin tan só minimamente independente e localizada. O que si existen son algunhas radios piratas que poderían converterse en comunitarias (cando menos á maneira da radio educativa de filiación universitaria) no caso de contaren cun abeiro legal. Malia que esta posibilidade poida facer pensar que a legalidade podería traer consigo un descenso da liberdade tendo en conta o panorama actual de medios galego (as novas radios comunitarias legais poderían ter que recorrer a un orzamento privado que as obrigase a pensar en termos de audiencia), tan só hai unha forma de sabelo. Se realmente é posible no país un proxecto minimamente estable de radio alternativa e para a comunidade, este pasa por unha intervención institucional. O voluntarismo non abonda.

14. Con esta nomenclatura facemos referencia á radio comunitaria local de pleno acceso, ou o que a teoría anglosaxona denomina «community radio».

## 5 LOCAL E PRIVADA: O MODELO RESIDUAL

Se o control e mais a ameaza de apropiación institucional penden sobre calquera emisora municipal e se a ausencia de lexislación fai máis arduos os camiños para unha aposta seria de radio comunitaria, a radio local privada podería constituír unha terceira vía para levar adiante un proxecto de radio alternativo onde se combinen unha certa independencia no discurso e mais unha activación e fornecemento dunha comunidade delimitada. Porén, este modelo non existe en Galicia, ou existe só en canto agregado de excepcións. Mais o importante non é tanto o seu número, senón o seu grao ou calidade de locais, isto é, o seu papel dentro da comunidade á que están adscritas.

Cabe mencionar, en primeiro lugar, un grupo de radios galegas privadas con vocación local, mais que fundamentan a súa proximidade dende unha perspectiva semellante á da grande empresa que «se achega» ao lugar, moi no modelo da cabeceira de prensa con edicións. É o caso de Radio Voz e Radio Líder, nas que as desconexións coas súas respectivas delegacións sérvenlles para cubrir con programación propia unha certa porcentaxe da programación diaria<sup>15</sup>, a fin de gañar en proximidade e amplificar as súas posibilidades de mercado. O modelo non é outro que o das grandes canles comerciais convencionais, mesmo para os efectos de programación: a grella vén definida pola canle e é común para todas as desconexións<sup>16</sup>.

O caso de Antena 5 Radio, radicada en Vigo, é da mesma natureza, só que as súas intencións de expansión no territorio galego aínda non se viron cristalizadas. A proposta, en calquera caso, é igualmente xeralista e, de feito, en 2004 establécese unha alianza con Somos Radio para que Antena 5 se converta na «fiestra local» da canle española en Galicia. Tal fenómeno dáse dende hai anos en

15. No caso de Radio Voz, a programación das delegacións oscila entre tres e catro horas diarias de luns a sábado; Radio Líder, pola súa banda, en ningún caso ofrece programación local durante máis de dúas horas diarias de luns a venres.

16. Radio Voz ten unha fórmula, común para todas as desconexións, semellante á das emisoras comerciais extragalegas: informativo local + *magacín* matinal + deportes.

Monforte con Radio Principal, que conseguiu a súa licenza en concurso público como emisora privada local galega e, no entanto, rematou por converterse na desconexión local da Cadena SER na Terra de Lemos.

Volvendo á clasificación de Martí referida no apartado 1 deste texto, estamos perante un modelo de «radio repetidor» onde a relación das estacións co terreo onde emiten é escaso. Por esta razón é preciso asumir con cautela a entidade destas emisoras como radios de proximidade, posto que non existe un verdadeiro compromiso coa comunidade ao non estableceren pautas programáticas específicas para cada contexto local. Nestes casos, a estratexia empresarial imita á da grande empresa e desatende as posibilidades dun verdadeiro proxecto de comunicación local, entendida como a aposta á comunicación de masas. Xa non é posible, como lembran Hollander, Stappers e Jankowski, distinguir unha da outra en función do tamaño do territorio para o que comunican, dado que a comunicación de pequena escala, a diferenza da producida para as masas, comporta «todo un espectro de formas, estilos e técnicas de comunicación» que teñen que ser definidos a partir das características propias dun contexto local dado e que son exclusivas deste (Hollander, Stappers, Jankowski, 2002:24).

Ademais dos casos referidos, existen outras tres estacións de radio que si poden ser consideradas locais, no sentido de que teñen un único ámbito de emisión e, polo tanto, ofrecen unha programación exclusiva e única para o territorio do que dan conta: Radio Obradoiro (Santiago de Compostela), Radio Discolócate (Ribeira) e Onda Local (Ferrol). Porén, a súa oferta tampouco ofrece demasiadas diferenzas respecto dos modelos tradicionais xeralista (no caso de Radio Obradoiro) e musical (Discolócate e Onda Local) e o seu achegamento á comunidade non semella ir moito máis aló dunha participación telefónica que, malia afianzar certos códigos, fica aínda moi lonxe dese medio horizontal ao que debería aspirar unha emisora de radio local.

Cabe mencionar, finalmente, dous últimos modelos radiofónicos asociados a institucións relixiosas. Radio ECCA (Vigo), xestionada pola Compañía de Xesús, constitúe o único caso de radio

educativa propiamente dita en Galicia e a súa mantenza viuse minimamente garantida grazas á concesión dunha frecuencia para unha explotación non comercial. Por último, Radio Amistad emite programación relixiosa dende Vigo para boa parte das Rías Baixas, mentres que a tamén viguesa Radio Fátima constitúe o único caso de emisora parroquial galega.

## 6 CONCLUSIÓNS

Máis aló da estrutura de propiedade das emisoras, do seu ámbito de influencia ou da súa localización física, aspectos que poden definir nominalmente unha *radio local*, non se pode afirmar que en Galicia funcione ou estea desenvolvida a radio local. Se unha emisora deste tipo se define a través da súa programación, dos seus contidos, cómpre concluír que agás notables excepcións non se leva a cabo o concepto de programación local. A meirande parte das emisoras que se autodefinen como *locais* non van máis aló de ser radios fotocopia ou radios repetidor; imitan, nunha área de difusión menor, os discursos e formatos das grandes cadeas que operan en todo o estado, buscando soamente o beneficio económico e comercial. Existen, como dixemos, excepcións. Algunhas emisoras municipais levan anos realizando unha verdadeira programación de servizo á súa comunidade e o mesmo sucede con algunhas outras iniciativas dentro do que se denomina como «radios piratas».

Se recuperamos os conceptos de *radio horizontal*, co emisor e o receptor situados no mesmo nivel, e de *acceso*, cunhas emisoras feitas non só *para* a comunidade senón tamén feitas *por* a comunidade, a radio galega aínda fica máis lonxe dos obxectivos e estándares de funcionamento que definen ás emisoras locais. No panorama actual, a oportunidade da radio local reside en ser capaz de aproveitar as potencialidades propias dun medio de proximidade, afastándose da imitación de modelos e do discurso unidireccional, de cara a construír un medio de comunicación baseado no diálogo e na interacción. Só de aí pode partir unha verdadeira relación entre medio e sociedade e mais un sistema de comunicación adaptado a cada espazo, a cada comunidade.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- AGUILERA, M. (1985): *Radios libres y radios piratas*. Madrid: Forja.
- BONET, M. (2001): *La transformació de la ràdio local a Catalunya*. Barcelona: Col·legi de Periodistes.
- CHAPARRO, M. (1998): *Radio pública local*. Sevilla: Fragua.
- DOLÇ, M., SANCHÍS, V. e DEÓ, F. J. (1985): *Les ràdios lliures, una pràctica alternativa*. Barcelona: Terranova.
- HOLLANDER, E., STAPPERS, J. e JANKOWSKI, N. (2002): «Community Media and Community Communication», en JANKOWSKY, N. e PREHN, O. (ed.): *Community Media in the Information Age: Perspectives and Prospects*. Nova Jersey: Hampton Press; p. 19-30.
- IGLESIAS, P. e MERAYO, A. (1997): *As radios municipais en Galicia*. Santiago: Lea.
- KOUCHNER, J. (1994): *Radio locale. Mode d'emploi*. Paris: Centre de Formation et de Perfectionnement des Journalistes.
- LEWIS, P. M. e BOOTH, J. (1992): *El medio invisible: Radio pública, privada, comercial y comunitaria*. Barcelona: Paidós Comunicación.
- LÓPEZ, X. (2004): *Desafíos de la Comunicación Local*. Sevilla: Comunicación Social.
- VV.AA. (1988): *Un sólo mundo, voces múltiples*. Madrid: Paideia.